

**Concreción anual
do
Proyecto Lingüístico**

Curso 2022-2023

BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DA COMUNIDADE EDUCATIVA E DO CONTEXTO SOCIAL DO CENTRO. A NOSA CONTORNA.

1.- O contexto sociolingüístico do centro

O IES Manuel García Barros está situado na vila da Estrada. O seu alumnado, no que respecta á etapa de ensino secundario obrigatorio, procede maioritariamente da propia vila, xa que unicamente ten adscrito como centro de Primaria o CEIP Pérez Viondi, localizado tamén no núcleo urbano. No Bacharelato, a procedencia do alumnado é máis heteroxénea. Nos últimos anos, a tendencia xeral é contarmos cun 50% de alumnado procedente da vila e con outro 50% procedente das distintas parroquias do concello, de natureza marcadamente rural.

A realidade sociolingüística global do concello da Estrada, segundo os datos subministrados polo IGE (*Módulo de coñecemento e uso do galego da Enquisa estrutural a fogares de 2018*), revela usos lingüísticos favorables cara ao galego

Segundo esta enquisa, o emprego da lingua galega neste concello sería o maioritario. Así e todo, ao igual que na gran maioría dos municipios de Galicia, experimentouse nas últimas décadas un proceso de perda progresiva de galegofalantes habituais debido á ruptura na transmisión interxeracional da lingua, moi acentuada nos últimos anos.

Ademais, é importante referir que a porcentaxe de galegofalantes é moi diferente entre a poboación dos núcleos rurais, cunhas taxas moi altas de emprego de galego, e a poboación da vila, que presenta uns índices de castelanización altos e na que se poden percibir mesmo algunhas actitudes prexuízosas cara á nosa lingua. Este é un factor interesante a termos en conta á hora de avaliar os usos lingüísticos do noso alumnado que, como xa quedou dito, procede case exclusivamente da vila no que respecta á ESO e a partes iguais da vila e do rural no que respecta ao Bacharelato.

1.2. A situación do profesorado

Para coñecer de primeira man tanto a realidade lingüística do profesorado do centro como a do alumnado, á que se fará referencia na sección seguinte, o Equipo de Dinamización realizou entre os meses de setembro e outubro de 2019 dúas enquisas virtuais dirixidas á comunidade educativa. Unha delas estaba deseñada e pensada especificamente para o alumnado e a outra para o profesorado. Os datos recollidos nesta última foron os seguintes:

Como se observa nos datos ofrecidos sobre a **lingua habitual** do profesorado, máis da metade dos docentes exprésanse no contexto do noso centro de ensino única ou maioritariamente en galego (60,8% fronte ao 8,7% do castelán). Resulta significativo que o emprego do galego por parte do profesorado é claramente superior na práctica lingüística dentro do centro de ensino que fóra del, no que a proporción de castelanfalantes é superior: o 28% de profesores que no seu fogar emprega única ou maioritariamente o castelán fronte ao 43,5% que se expresa única ou maioritariamente en galego. Parece deducirse disto que o ambiente galegofalante do noso IES inflúe positivamente na práctica lingüística dos docentes, atraendo cara ao emprego da nosa lingua a persoas habitualmente castelanfalantes.

Este dato é aínda máis significativo se o comparamos cos resultados da enquisa realizada neste mesmo centro noutros anos. Daquela, os datos mostraban un maior emprego do galego do profesorado no ámbito familiar (parece que a diminución do uso da nosa lingua na sociedade conséntase tamén entre os docentes deste centro), mais un menor uso no centro de ensino. Por tanto, o noso centro, non só non acusa o descenso do emprego do galego na práctica individual dos docentes, senón que aumenta o seu uso a respecto do castelán.

O nivel de **capitación do profesorado** á hora de empregar o galego na súa práctica docente é, cando menos tendo en conta a percepción persoal do propio profesorado, moi positivo. Non se reconece unha competencia lingüística deficiente para o desempeño do seu labor profesional en galego, mellorándose de maneira significativa a cifra da enquisa de 2015 (un 73,9% considérasea boa ou moi boa). Con todo, aínda un 26,5% do profesorado considera que a súa competencia lingüística para impartir as clases en galego pode mellorar.

A este respecto, cabe destacar que unha alta porcentaxe dese profesorado estaría en principio **disposto a realizar cursos de lingua** para mellorar o seu nivel de galego: un 47,8% dos docentes que xa imparten clases en galego e a totalidade do profesorado que eventualmente se vise na necesidade de empregar esta lingua na súa práctica docente estaría interesado en seguir mellorando a calidade e dominio do idioma.

Polo que respecta á **actitude do profesorado na utilización do galego no ámbito educativo**, hai que destacar que unha alta porcentaxe de docentes (65,2% fronte a un 40% na enquisa de 2015) aposta por que o galego avance cuantitativamente neste campo e considera insuficiente o seu emprego; o 34,8% mostra, porén, unha conformidade co emprego cuantitativo desta lingua no noso centro. Non hai ninguén que opte pola redución do emprego do galego na nosa práctica docente.

Así mesmo, conséntase unha **actitude aínda máis positiva cara á necesidade de normalizar socialmente o galego** e un 82,6% (71% na anterior enquisa) dos docentes considera que o uso desta lingua é insuficiente na nosa sociedade e que debe gañar espazos nos diferentes ámbitos sociais e profesionais. A percepción de que esta necesidade é maior ao nivel global da sociedade que no ámbito específico do noso centro (cunha diferenza de 11,6 puntos porcentuais) pode ser debida ao feito de que a súa práctica docente se circunscribe nun centro de ensino que conta cun índice de emprego de galego bastante satisfactorio.

1.3. A situación do alumnado

Con respecto ás prácticas lingüísticas do alumnado, os resultados da enquisa realizada no centro a inicios do curso 2019 son os seguintes:

Das respostas obtidas na enquisa, despréndese que, a nivel xeral, a porcentaxe de castelanfalantes do alumnado do centro é claramente superior á de galegofalantes. Se ben no **ámbito familiar** non se observa unha desproporción moi grande: un 34,8% do alumnado declara falar única ou maioritariamente en galego fronte a un 48,5% que di facelo en castelán. Na anterior enquisa as cifras eran dun 39,1% e dun 48,9% respectivamente, o que nos indica unha perda no número de falantes entre os sectores máis novos.

Nos **ámbitos sociais** circunscritos á contorna académica experimentase un notable descenso do uso do galego, que cae ata un 13%, unha cifra moi inferior á anterior enquisa, fronte a un alarmante 69% de uso único ou maioritario do castelán, conforme ás **prácticas diglósicas**

que rexen nos hábitos lingüísticos de boa parte da nosa poboación. Cabe destacar que nesta ocasión introduciuse a pregunta sobre os hábitos lingüísticos en redes sociais, onde a porcentaxe de total ou maioritariamente en castelán é dun 64,6%.

Se comparamos estes resultados cos da enquisa anterior, constátase unha alarmante diminución do emprego do galego entre o alumnado. Os resultados de 2015 ofrecían un emprego máis equilibrado das dúas linguas oficiais. Constátase, así pois, que o elo máis fraco no mantemento duns usos lingüísticos en lingua galega está nos sectores que serán o futuro da sociedade.

Compróbase, polo tanto, que se ben é posible que a actividade normalizadora do centro consiga que exista unha mellor valoración e coñecemento da nosa lingua e dos fenómenos culturais asociados a ela, non consegue o aumento ou cando menos o mantemento substancial do seu número de falantes. Constátase, pois, que o castelán vaise consolidando como a lingua predominante nas relacións persoais entre o alumnado.

En canto á percepción da **competencia lingüística**, na enquisa realizada no 2019 debullouse a cuestión nas catro destrezas. Como cabía esperar, as destrezas pasivas (ler, entender) teñen mellores resultados ca as destrezas activas (escribir, falar) en galego. Sorprende que un 4,3% do alumnado afirme ter un nivel deficiente para expresarse oralmente en galego. Os resultados son moi semellantes á enquisa de 2015. Imaxinamos que este dato debe interpretarse como que a práctica totalidade do alumnado considera que é capaz de expresarse con absoluta normalidade en galego e non tanto que sexa quen de acadar un óptimo manexo da lingua nos diferentes niveis ou rexistros. A práctica docente deixa patente un alto grao de castelanización na súa lingua espontánea e mesmo a presenza de certos prexuízos á hora de aceptar diferentes formas propostas pola normativa lingüística. Con todo, a porcentaxe de alumnos/as que considera que a súa competencia lingüística en galego é boa ou moi boa é claramente inferior aos que consideran que a súa competencia lingüística en castelán é boa ou moi boa.

No referente á súa **actitude na necesidade de avanzar cara á normalización social** do galego, hai unha maioría do alumnado que considera que o galego debe ter máis presenza na nosa sociedade (un 68,9% fronte ao 46,8% da enquisa anterior). Unha ampla porcentaxe entende que o galego é válido para calquera tipo de ámbitos e usos. Con todo, procuciuse un significativo descenso do 12,3% ao 2,4% do alumnado que manifeste a actitude diglósica de pensar que o galego unicamente serve para algúns usos e é inútil ou moi limitado para outros.

Por último, é destacable o feito de que a gran maioría do alumnado (75,2%; 83 % na enquisa de 2015) considere que o emprego que se está facendo do galego no noso centro é a correcta e que apenas un 20,5% (13% en 2015) estime que se debería incrementar, o que parece demostrar que o emprego da nosa lingua na actividade académica do noso IES é satisfactoria.

1.4. A situación lingüística do centro

A situación da lingua galega no centro, tanto a nivel de comunicacións orais como escritas, presenta uns índices de uso altos. A práctica totalidade da acción institucional por parte do centro **a nivel escrito** desenvólvese en galego. Facendo un pequeno repaso ás distintas áreas que conforman a actividade do instituto, comprobamos que o galego é de uso exclusivo na

documentación administrativa, nunha gran maioría do rotulado do centro, nas notas informativas de carácter oficial que se presentan nos taboleiros (programacións, comunicación de probas, cualificacións...) nas comunicacións escritas ás familias, tanto as enviadas pola dirección como as enviadas pola ANPA, na páxina web do centro e nos blogs específicos que se vinculan a ela. O único aspecto no que o galego ten unha presenza claramente insuficiente, moi inferior á do castelán, é nos fondos da biblioteca. Fóra do campo da literatura, no que hai un certo equilibrio entre galego e castelán, a gran maioría dos libros están en castelán e a dotación de revistas e DVD en galego é claramente insuficiente, por unha cuestión sobre todo de ausencia de audiovisual en galego.

Na **oralidade**, o emprego do galego é máis desigual, dependendo en cada caso das persoas implicadas no proceso comunicativo, se ben a tendencia é favorable á utilización desta lingua fronte ao castelán. O persoal non docente, tanto o administrativo, como na conserxería ou no sector da limpeza, exprésase habitualmente en galego co alumnado e co profesorado. O galego é tamén a lingua empregada normalmente polos traballadores da cafetería do centro. Na comunicación oral coas familias (esencialmente no que atende ás tutorías), a lingua de comunicación depende da práctica lingüística de cada docente e, daquela, empréganse tanto galego como castelán, se ben parece que hai unha pequena desproporción en favor do galego, difícil de precisar. Algo moi semellante sucede nas interaccións co alumnado en contextos informais ou nas actividades extraescolares. A lingua que o profesorado emprega nestas situacións está marcada polos seus usos individuais, aínda que, como xa vimos nun dos apartados anteriores, mesmo unha parte do profesorado castelanfalante tende a expresarse en galego co alumnado, o que conduce a un lixeiro desequilibrio en favor desta lingua.

2. OBXECTIVOS XERAIS E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA ADECUADOS AOS DISTINTOS SECTORES

A nivel xeral, e tendo en conta que partimos dunha realidade inmersa nun claro contexto tendente á desgaleguización dos sectores máis novos, o noso obxectivo básico será propiciar que todos os membros da comunidade educativa adquiren e consoliden actitudes de respecto e valoración positiva da lingua galega. Neste sentido, interésannos dúas liñas básicas. Así pois, ao tempo que buscamos que as persoas galegofalantes afiancen o sentimento de seguridade lingüística, para que manteñan o seu idioma propio; tamén desexamos desterrar algúns dos prexuízos lingüísticos máis asentados na nosa sociedade para conseguir que o grupo castelanfalante teña unha predisposición favorable á hora de empregar a lingua galega.

2.1. Obxectivos de actuación en relación co contexto sociolingüístico do centro

O principal obxectivo da actuación do Equipo de Dinamización da Lingua Galega neste sentido será propiciar unha interconexión proliza e frutífera entre o centro e a realidade máis próxima (concello e outros centros de ensino e entidades da comarca). Esta relación deberá contribuír a visibilizar situacións e contextos de uso do galego que tradicionalmente teñen sido asociados co castelán. Así pois, o labor desenvolvido no centro seguirá unha dobre vía. Por un lado, será importante realizar actividades innovadoras que serán

difundidas e, nalgún caso, abertas para o público xeral. Por outro, daranse a coñecer tamén as manifestacións alleas de interese para a lingua galega e propiciarase a participación activa da comunidade educativa en todas elas.

Esta pretensión de modernidade non impide que sexamos partícipes de celebracións populares vinculadas ao noso país onde se percibe unha implicación natural coa nosa lingua. Porén, para evitarmos unha identificación reducionista entre o galego e os eventos máis tradicionais ou folclóricos, intentárase evitar a asociación directa do equipo con aspectos unicamente festivos e propiciarase a súa vinculación con outras actividades máis novidasas, con novas formas de expresión e con experiencias que se adapten aos gustos do alumnado.

2.2. Obxectivos referidos ao profesorado

En relación ao profesorado, un dos obxectivos básicos é o de garantir que o uso do galego naquelas materias en que deba empregarse como lingua vehicular sexa real e presente unha boa calidade. A realidade actual do centro mostra un uso correcto da nosa lingua neste aspecto. O Equipo de Dinamización colaborará para que se manteña a proporción axeitada de emprego do galego como lingua vehicular.

Por outro lado, é importante conseguir que a totalidade do profesorado sexa consciente de que o uso do galego para o desenvolvemento das súas materias, en lugar dun imperativo legal (que nalgúns casos pode chocar coa práctica lingüística habitual de profesorado en particular) é unha necesidade para a normalización do noso idioma, ao resultar imprescindible, por unha parte, para a adquisición dunha boa competencia lingüística por parte do alumnado e ao garantir, por outra parte, a equiparación do galego á par do castelán como idioma vehicular válido para calquera tipo de disciplina; alén de para garantir o dereito dos galegofalantes a recibiren educación nunha proporción suficiente na súa propia lingua.

Outro obxectivo importante é servir de referencia e asesoramento na práctica profesional do profesorado que imparte as súas clases en galego. A pesar de que a maior parte do profesorado do centro declara ter unha boa competencia lingüística nesta lingua, segundo se desprende da enquisa anteriormente referida, é importante que se sinta apoiado por este equipo á hora de adquirir coñecementos específicos, por exemplo, terminoloxías ou vocabulario específico das súas disciplinas, que con frecuencia se atopa moi castelanizado, e á hora de solucionar as variadas dúbidas que se lle poidan ir presentando na súa práctica docente.

2.3. Obxectivos referidos ao alumnado

O conxunto do alumnado constitúe, sen dúbida, o sector principal de destino do labor dinamizador deste equipo. Os obxectivos básicos que procuraremos conseguir son:

- Desterrar algúns dos prexuízos máis asentados socialmente para favorecer a aparición e o mantemento de actitudes positivas cara á lingua galega.
- Camiñar cara a unha superación progresiva dos prexuízos diglósicos que infravaloran a lingua propia de Galiza e limitan e condicionan a súa utilización.

- Reforzar o coñecemento do galego, contribuíndo así co labor que desde a docencia se lle imparte nas clases de lingua galega e literatura e naquelas outras disciplinas que son impartidas nesta lingua vehicular.
- Fomentar o emprego activo do galego no centro fóra da práctica docente, tanto a nivel escrito como na oralidade, xa sexa en contextos administrativos e formais como na expresión informal e coloquial entre compañeiros/as.
- Propiciar a valoración da lingua galega como instrumento para a expresión creativa, técnica, científica...
- Desenvolver unha consideración xeral do galego como unha lingua útil para a comunicación nos distintos sectores da sociedade e animar ao seu emprego na súa vida cotiá.
- Promover o uso en galego das ferramentas das tecnoloxías da información e comunicación, explorando todas as súas potencialidades para consolidar a percepción do galego como unha lingua moderna e adaptada á sociedade actual.
- Favorecer o coñecemento da realidade sociolingüística da nosa comunidade e adoptar unha visión crítica a respecto dela.
- Propiciar a identificación da nosa lingua como un símbolo de identidade colectiva e vehículo de expresión dunha cultura nacional diferenciada e autónoma.
- Conseguir que o propio alumnado se sinta protagonista do proceso normalizador do galego, achegando iniciativas dinamizadoras propias e contribuíndo a desenvolve-las activamente.

2.4. Obxectivos referidos á situación lingüística do centro

Finalmente, en relación coa situación lingüística do centro, o noso obxectivo básico será velar polo mantemento das boas prácticas de emprego do galego escrito a nivel administrativo e informativo tanto nas comunicacións internas (taboleiros, carteis, avisos, documentación variada...) como externas (notificacións á Administración, a outros centros, ás familias...).

Será importante, así mesmo, crear un ambiente propicio para o aumento da expresión en galego nas manifestacións orais, aspecto no que aínda se poden realizar avances significativos, tanto en ámbitos formais (discursos, claustrs, charlas...) como en ámbitos informais e lúdicos (actividades extraescolares, festivais, concertos...).

O Equipo de Dinamización pretende representar neste sentido unha función motivadora e de asesoramento, servindo para orientar e corrixir aquelas prácticas que se consideren inadecuadas en materia lingüística e proporcionando axuda aos distintos sectores do centro (equipo directivo, administrativos, conserxes...) para un correcto emprego da lingua.

3. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

3.1. Actividades relacionadas co contexto sociolingüístico do centro

□ **Actividades en colaboración con todos os centros educativos do concello da Estrada**

Baixo a denominación de *DINAMIZAESTRADA*, os Equipos de Dinamización Lingüística dos Centros Educativos da Estrada, públicos e concertados (CEIP Pérez Viondi, CEIP Cabada Vázquez, CPR Plurilingüe Nosa Sra. De Lourdes, CEIP Plurilingüe de Oca, CEIP O Foxo, CEIP Figueiroa, CEIP Villar Paramá, IES No 1, IES Antón Losada Diéguez e IES Manuel García Barros), realizarán as seguintes actividades:

1. Proxecto Festa das Palabras. Décima edición.

Proxecto conxunto organizado polos dez centros educativos da Estrada que se concreta nas seguintes actividades.

2. **Concurso de microrrelatos e micropoemas** dos centros educativos da Estrada.

En xuño do 2023 celebrarase a décima edición do Concurso de microrrelatos e micropoemas convocado pola Coordinadora Local de EDL, DINAMIZAESTRADA, que agrupa a todos os centros de primaria e secundaria do Concello da Estrada. Tanto os microrrelatos coma os deberán conter unha palabra chave que se especificará no momento de publicar as bases e cos criterios acordados pola comunidade que conforma Dinamizaestrada.

3. **Edición e publicación do libro *VII Festa das Palabras***, cos textos premiados no concurso de microrrelatos e micropoemas.

Publicaranse, ademais, os textos premiados no concurso de microrrelatos e micropoemas nun libro coas composicións premiadas en todas as diferentes categorías e modalidades. Realizarase unha tiraxe de 600 exemplares, que serán repartidos entre os gañadores e gañadoras do certame e entre todos os centros participantes. Contarase coa colaboración da deseñadora e ilustradora Rosa de Cabanas para o deseño da portada do mesmo. No libro incluíranse ilustracións realizadas polo alumnado de infantil de todos os centros de primaria, de cara a favorecer a participación do alumnado desta etapa na actividade. As ilustracións serán escollidas polo xurado do concurso e farán referencia ás palabras utilizadas para o concurso de microrrelatos e micropoemas.

Este curso 2022-2023 as palabras para realizar os micropoemas e microrrelatos serán escollidas entre as obras do autor proposto para o Día das Letras Galegas Francisco Fernández del Riego. Recolleranse as obras do alumnado ata o 08 de febreiro de 2023.

Ademais, a deseñadora do libro final cos poemas e relatos será Rosa Cabanas e a madriña desta X edición será Charo Golmar.

4. Décima edición do certame “**Festa das palabras**”.

A décima edición da “Festa das Palabras” consistirá na entrega de premios dos concursos literarios no teatro principal da Estrada a todos os gañadores e gañadoras do certame e celebrarase a inicios do mes de xuño. A presentación e a condución da festa será realizada por alumnos e alumnas do centro que lle corresponda no curso. Haberá unha actuación musical a cargo dun grupo musical da zona e, ademais, procurarase a participación dun

persoeiro relevante da cultura galega durante a entrega aos premiados/as da Festa; xa sabemos que a madriña este curso seá Charo Golmar. Para a entrega de premios, contarase con profesorado de todos os centros e con representantes das ANPAS. Tamén se contará con representación do Concello da Estrada, entidade colaboradora da actividade. Encargarase o deseño do cartel anunciador do evento á mesma persoa que leva a cabo o deseño do libro.

5.Videoconectad@s

Trátase dunha actividade plurianual que comezou a ser desenvolvida en cursos anteriores e que está organizada por todos os centros educativos da Estrada.

Consiste nun intercambio de videoconferencias entre as comunidades educativas dos centros participantes. Nesta fase, que se desenvolverá no segundo e terceiro trimestre do presente curso académico, as comunidades educativas dos diferentes centros de infantil e secundaria do concello prepararán os contidos das videoconferencias que ofrecerán aos diversos centros de secundaria, segundo o cadro que se deseñe en vindeiras reunións.

Este curso, o noso centro conectarase co Cabada Vázquez e máis co Pérez Viondi.

6. Dinamización do blog: DINAMIZAESTRADA.

Desde o curso 2013-2014 os EDL da Estrada manteñen un blog, que trata de difundir as actividades conxuntas do Equipos dos Centros Educativos da Estrada. Neste curso, comprometémonos a continuar coa dinamización do seu uso a través da publicación periódica de actividades comúns entre os diversos centros, así como de novas de interese para a Dinamización Lingüística. No blog tamén terá especial relevancia a difusión das actividades 1 e 2 anteriormente descritas.

Actividades en colaboración cos centros educativos de secundaria do concello da Estrada

1. Intercambio musical

Continuando coa actividade iniciada en cursos pasados, os tres centros de secundaria levaremos a cabo unha actividade que neste curso se propón novamente para o “Día de Rosalía”, pero que cada curso se levará a cabo nunha data acordada a principio de curso.

Os integrantes de cada centro que así o desexen organizarán un pequeno coro, grupo musical ou grupo de recitado e prepararán versións cantadas ou recitadas de distintos poemas de Rosalía, ben xa existentes no mercado discográfico, ben compostas por eles mesmos. Cada grupo difundirá a súa música, non só no propio centro senón, sobre todo, nos outros dous.

Actividades en colaboración con outras entidades ou asociacións

1. Colaboración coa asociación cultural “Vagalumes” na quinta edición da **mostra de teatro escolar na honra de Olimpio Arca**. A finais do mes de novembro, distintos alumnos e alumnas participan coas súas actuacións (en forma de curtametraxe) nesta mostra de teatro escolar que xa está consolidada entre a comunidade educativa.

2. Colaboración co concello da Estrada na celebración da “**Festa da Poesía**” e no festexo do “**Día de Rosalía**”. Así mesmo, voluntarios e voluntarias do noso centro participan recitando diferentes poemas na “Festa da Poesía” organizada dende a corporación municipal. Esta mesma colaboración prevese que se manteña a finais de febreiro, con motivo do festexo do “Día de Rosalía de Castro”.

2.5. Actividades relacionadas co profesorado

Ademais da inclusión do profesorado en todas as actividades destinadas ao conxunto da comunidade educativa, para mellorar os seus usos lingüísticos en galego realizaranse de forma continuada ao longo do curso as seguintes tarefas:

1. **Asesoramento lingüístico** dirixido a un correcto emprego do galego na práctica docente e nas actividades extraescolares.
2. **Corrección** e supervisión de textos elaborados pola dirección do centro para as comunicacións externas e internas.
3. Difusión e visibilización nun taboleiro físico á entrada do centro de diferentes recursos, **materiais, ferramentas web, aplicacións...** que lle poidan servir ao profesorado tanto para desempeñar a súa función docente en galego como para mellorar as súas destrezas lingüísticas neste idioma.

2.6. Actividades relacionadas co alumnado e co conxunto da comunidade educativa

Debido a que o conxunto do alumnado é o noso principal foco de atención, o groso das iniciativas levadas a cabo polo Equipo de Dinamización irán destinadas especificamente a este colectivo. Con todo, prevese que na maioría das actividades haxa unha participación activa dos demais membros da comunidade educativa (profesorado, persoal non docente, familias...). Entre as actividades que se realizarán durante o curso académico podemos salientar:

1. Reparto entre as titorías de calendarios mensuais para a organización de avisos, datas de exames e entregas de tarefas e deseñado para ser colocado nas cortizas da aula de referencia.
2. Xestión da **web** destinada á dinamización do galego no centro "**Manoliño García quere ser normal**". Se ben está destinada a toda a comunidade educativa, ten como finalidade principal a divulgación de información, actividades, creación literaria... entre o alumnado, que será quen xestione unha gran parte dos seus contidos. Os apartados da web son: actividades de normalización no MGB, info-lingua (avances e retrocesos no proceso de normalización do galego a partir de noticias de actualidade), cultura en galego (información sobre novidades literarias, música e espectáculos), documentos (lexislación vixente relacionada co proceso normalizador), blog de creación literaria (publicación de traballos literarios do alumnado)... ademais de información sobre diversos eventos, premios e concursos e ligazóns de interese.

3. Xestión dun **taboleiro físico** nunha das zonas máis concorridas do centro para dar noticia ao alumnado das actividades do equipo de dinamización, así como para propor actividades e subministrar información a toda a comunidade educativa de cuestións de actualidade referidas á lingua galega. Intentarase que presente unha estética atractiva e unha expresión sintética para favorecer a súa consulta.
4. Realización da **X edición do Concurso de microrrelatos e micropoemas** dirixido ao alumnado dos centros de ensino do concello da Estrada, en coordinación cos equipos de dinamización da lingua galega dos centros do concello ao que xa se fixo referencia na sección previa. Acto cultural no curso do cal se entregarán os premios do citado concurso e edición do libro cos traballos gañadores, financiado polo Concello da Estrada.
5. Continuación da campaña plurianual "**Coida a túa lingua**". A actividade consiste en identificar malas prácticas lingüísticas no noso centro e na nosa sociedade e reivindicar un uso correcto do idioma. O alumnado identificará empregos lingüisticamente incorrectos do galego nos medios de comunicación e en internet, así como no propio centro de ensino e na súa práctica diaria. As actividades realizadas serán visualizadas no web e no taboleiro de Normalización. Tamén se instalarán en distintos corredores do centro pequenos paneis nos que se presenten textos con erros e nos que se poida obter información subministrada en códigos QR, necesaria para a participación no concurso relacionado con esta actividade.

Despois de analizarmos hai tres cursos o emprego do galego por parte dos nosos representantes políticos, de centrarnos hai dous no uso da nosa lingua en certos programas televisivos de grande audiencia e de traballar o ano pasado co galego na música, este curso centrarémonos no emprego do galego na prensa escrita e dixital na nosa lingua. A campaña incluírá un concurso no que resultarán premiados aqueles/as participantes que sexan capaces de identificar e corrixir un maior número de erros lingüísticos. Os premios serán camisetas escollidas polos/as propios/as gañadores/as entre unha selección que se lles ofrecerá, con motivos reivindicativos da lingua ou cultura galegas.

O certame estará novamente aberto tamén ás familias, que poderán participar nunha sección específica. Pensamos que a natureza da temática deste curso, unha vez máis, préstase a unha análise conxunta nos fogares entre o alumnado e as súas familias que pode resultar de grande interese para a reflexión e o debate sobre o bo emprego da nosa lingua.

6. **Saídas didácticas a Ourense** para visitar a casa de Ramón Otero Pedrayo en Trasalba. En colaboración co Departamento de Lingua Galega e Literatura, o alumnado de 2o de BACH viaxará a Ourense en outubro do 2019 para coñecer máis de preto a vida e obra dalgúns dos autores máis representativos da literatura galega.
7. Participación no **Correlingua**. O alumnado do primeiro curso da ESO participará nesta actividade. Prepararán pancartas e coplas reivindicativas do uso do galego e acudirán aos actos que se celebrarán na nosa vila.

4.4. Actividades relacionadas coa situación lingüística do centro

Por último, para visibilizar a presenza da lingua galega no centro e para regularizar o seu emprego a nivel institucional, levaranse a cabo as seguintes actividades:

1. **“Bo trato – Mal trato”**: actividade realizada durante a semana do 25 de novembro con motivo da celebración do Día Internacional contra a violencia de xénero. En colaboración co Equipo da Biblioteca, o Equipo de Dinamización realizou unha xornada reivindicativa con todo o alumnado que deseñou tarxetóns de denuncia contra o maltrato e que levaban postos cun alfinete durante toda a xornada escolar. Co lema “Está nas túas mans” fíxose un pintado de unllas en color lila entre alumnado e profesorado durante os recreos para rexeitar o maltrato contra a muller.

As alumnas de segundo da ESO fixeron unha performance coa coreografía deseñada por a profesora de Educación Física denunciando o maltrato e a violencia contra a muller.

Ademais, en colaboración co profesor de Artes, fixéronse imaxes niun tríptico sobre o amor e as relacións tóxicas. Nesta xornada a participación foi maioritaria por parte de todo o centro e resultou todo un éxito.

2. Asesoramento lingüístico continuado dirixido a un correcto emprego do galego na actividade administrativa e de conserxería e nas comunicacións escritas realizadas polo centro, tanto a nivel interno como a nivel externo.
3. A coordinadora de Dinamización realizou un rueiro para o centro cos nomes de escritores e escritoras da nosa cultura que tamén resultou un éxito.

ACTIVIDADES PARA O CURSO 2022-2023

- No presente curso 2022- 2023, manterase o rueiro no noso centro e faranse actividades relacionadas con el do mesmo xeito có curso pasado.

- No Nadal faremos actividades puntuais cos alumnos tentando rescatar palabras relacionadas con esta festa e preténdese facer una recollida solidaria de alimentos se a situación o permite.

- No mes de febreiro, co gallo de San Valentín nomearemos este mes como **MES DO AMOR E A AMIZADE: PALABRAS AGARIMOSAS NUN TEMPO DE PANDEMIA.**

Esta actividade matizarase con todos os membros da Comisión pero pretendo que sexa ambiciosa e que participe todo o centro: mandarémonos cartas, notas, telegramas de agarimo ás nosas persoas máis queridas, se for posible, acompañadas dun cravo de color cun custo simbólico; a recadación será doada a alguna organización sen ánimo de lucro e, se fose posible, faríamos una visita a devandita organización.

Esta actividade organizarase minuciosamente no seu momento para que participe a maioría do alumnado.

- Primavera e maios: adornaremos o centro con flores, follas e frutos poñendo os correspondentes nomes en galego. Se non se poden poñer obxectos, buscaremos alternativas e substituílos por fotografías colocadas nun taboleiro.

Rescataremos o maio feito o ano pasado polo compañeiro de Artes cos seus alumnos.

- Fin de curso: se o ritmo do curso nolo permite, podemos facer un festival final coordinándonos con tódolos Departamentos do noso centro, sempre que a situación epidemiolóxica o permita.

- Outras actividades: sempre que sexa posible pola situación da Pandemia, poderíamos facer entrevistas (presenciais ou virtuais) a persoeiros da nosa vida cultural, a responsables de refuxios de animais, de ONG, do banco de alimentos, doutros responsables de Equipos de Normalización de centros de núcleos urbanos, de grupos folclóricos... en fin, a listaxe e inmensa.

No presente curso 2022-2023 preténdese facer reunións nos recreos con todos os alumnos e alumnas implicadas coa Comisión (tamén cos profesores) para levar a cabo as distintas actividades.

Este curso se pretende fomentar o uso das TIC entre o alumnado e unha das ideas e facer actividades coa plataforma TIC-TOC tan de moda entre a xente nova.

TEMPORIZACIÓN	TÍTULO DA ACTIVIDADE	IMPORTE DO GASTO	MATERIAL EMPREGADO
Primeiro trimestre	Está nas túas mans: todo o alumnado, todo o profesorado.	80 euros	Cartolinas, rotuladores, esmalte de uñas, máscaras.
Segundo trimestre	Día de Rosalía: todo o profesorado	150 euros	Cartolinas, rotuladores e demais material funxible. Flores
Segundo trimestre	Palabras de amor e amizade: todo o alumnado, todo o profesorado	0	Carteis anunciadores, buzón, publicación na web.
Segundo trimestre	Dinamiza Estrada: festa das palabras, Concurso de microrrelatos e micropoemas: todo o aloumnado, Equipo de Normalización, Departamento de	150	Carteis anunciadores, publicación na web. Libro con poemas e microrrelatos para os gañadores

	Galego e Castelán		
Segundo trimestre	Concurso Literario: Caligramas. Alumnado de ESO , Equipo de Normalización, Departamento de Galego e outros	100 euros	Premios: camisetas, gorras, pen drives... Publicación na web do centro.
Segundo trimestre	Noticieiro escolar: alumnado de ESO e Bacharelato (selección), Coordinadora de Normalización e Concello da Estrada.	0	Móviles e equipo radiofónico do concello, transmisión on line.
Segundo trimestre	Adica a túa canción	0	Equipos informáticos do centro, equipo de radio do centro.
Segundo trimestre	Mantemento do rueiro, nova maquetación. Equipo de Normalización	100	Marcos, utilíxase para colgalo. .
Terceiro trimestre	Vídeo conectad@s	0	Equipos multimedia do centro.
Terceiro trimestre	Maio, restauración. Normalización, Profesorado de Volume e alumnado da materia, alumnos da ESO	200 euros	Fentos naturais e demais plantas, cartolinas, rotuladores... Posible construción de un maio
Terceiro trimestre	Festival Dia das Letras Galegas	80	Chocolatada co alumnado e profesorado asistente.
Terceiro trimestre	Final de curso: todo o alumnado e profesorado. Reivindicación de tradicións, recitados e cantos, instrumentos tradicionais...	0	Instrumentos do centro e persoais do alumnado e do profesorado. Gravación de vídeo e publicación na web.
Todo o curso	Cuida a túa lingua: todo o alumnado, todo o profesorado, familias	50	Carteis: cartolinas, rotuladores...

